



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Conservatorio Profesional de Música**

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767

[cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es)


[centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha](http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha)



**PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE**

**HISTORIA DA MÚSICA**

**CURSO 2014-2015**



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE  
HISTORIA DA MÚSICA I (4ºG.P.)

CURSO 2014-15

## **HISTORIA DA MÚSICA I (4º G.P.)**

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEÑANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA
2. OBXECTIVOS
3. CONTIDOS
  - 2.1. Contidos xerais
  - 2.2. Contidos específicos distribuídos por temas
4. RECURSOS DIDÁCTICOS Y METODOLOXÍA
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES
6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
8. MATRÍCULA DE HONRA
9. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO
10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
12. A CLASE COLECTIVA
13. ACTIVIDADES CULTURAS E DE PROMOCIÓN
14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN
15. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

## 1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas no Grao Profesional. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en cuatro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2.OBXECTIVOS

De acordo co disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a asignatura de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.

d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.

e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

f) Respetar e valorar o noso patrimonio musical.

g) Participar na actualidade musical.

### 3. CONTIDOS

#### CONTIDOS XERAIS

- A música como feito social e cultural. Introdución ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionantes das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da Historia da Música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- Comentario de texto literario-musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

- Análise iconográfica.
- Interés por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos outros.
- Emprego dunha terminoloxía técnica e dun vocabulario xeral apropiados.

## CONTIDOS ESPECÍFICOS

### **1. A situación da música nas postrimerías do mundo antigo:**

A herdanza grega. O sistema musical grego. O pensamento musical. A Igrexa cristiá primitiva.

### **2. Canto relixioso e canción profana na Idade Media:**

O canto e a liturxia romana. Clases, formas e tipos de canto relixioso. Modalidade. Adicións posteriores ao canto relixioso. Teoría e práctica musical na Idade Media. A monodia non litúrxica e profana. A lírica galaico-portuguesa. Música instrumental e instrumentos medievais.

### **3. Os inicios da polifonía e a música do século XIII:**

Entorno histórico da polifonía primitiva. O organum primitivo. O organum florido. Os modos rítmicos. Organum de Notre-Dame. O conductus polifónico. O motete. A polifonía en España nos séculos XII e XIII.

### **4. A música italiana e francesa do século XIV:**

Antecedentes xerais. O Ars Nova en Francia. O Trecento italiano. O Ars Subtilior. Música ficta. Notación. Instrumentos. A polifonía española no século XIV.

### **5. Da Idade Media ó Renacemento: a música inglesa e a Escola Borgoñona do século XIV.**

### **6. A era do Renacemento. De Ockeghem a Josquin:**

Características xerais. Os compositores do norte. Josquin des Prez. Algúns contemporáneos de Obrecht y Josquin.

### **7. Novas correntes do século XVI:**

A xeración franco-flamenca do 1520-1550. O nacemento dos estilos nacionais. O madrigal e outras formas profanas. A música instrumental no século XVI.

### **8. Música relixiosa no Renacemento Tardío:**

A música da Reforma na Alemania. A música relixiosa da Reforma fóra de Alemania. A

#### 4. RECURSOS DIDÁCTICOS Y METODOLOXÍA

Esta asignatura terá un enfoque práctico e utilitario ao tempo que teórico, buscando sempre a participación activa do alumno tanto na aula como no centro e fóra do mesmo. Tratándose de clases colectivas, recurrirase a diversas técnicas de dinámica de grupos, de xeito que nunha mesma clase se alterne ou se encadee o traballo individual, en grupo pequeno e grande. Non esquezamos que o alumno é o protagonista da aprendizaxe, e que evoluciona como persoa na colectividade.

A metodoloxía procurará ser, por ende, dinámica e integradora, cunha responsabilidade compartida na que se estimule o diálogo e a participación do alumnado, facilitando a aprendizaxe por descubrimento ao integrar as suxerencias dos alumnos e alumnas, poidéndose así adaptar mellor ás súas necesidades.

As actividades na aula combinaranse con algunhas outras fóra da mesma, como a asistencia a concertos, conferencias ou exposicións. Cada alumno e alumna seleccionará unha obra interpretada en vivo, sobre a que elaborará unhas notas ó programa e unha crítica musical. Ademáis, como complemento ás clases, resulta moi positivo que o alumnado realice un traballo sobre algún tema escollido por el, e conectado coa materia.

Os contidos da programación didáctica traballaránse a partir dunha bibliografía de consulta variada, polo cal non se recomenda un manual de traballo básico.

No apartado dos recursos audiovisuais, dispoñemos na aula dun equipo de son, un proxector de diapositivas, un proxector de opacos, un reprodutor de DVD's, un reprodutor de cintas de vídeo, un televisor e un ordenador , un canón de proxección e unha pizarra dixital. O centro conta ademais con fotocopiadora, gravadora de CD's, cámara de vídeo e varios ordenadores.

#### 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua; non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase ao menos unha proba – oral ou escrita – na que se poida avaliar obxectivamente o resultado final do proceso.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:

### Primeiro trimestre

1) Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata a Idade Media con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade á Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

### Segundo trimestre

1) Identificar a través da audición obras dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a

capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

### Terceiro trimestre

1) Identificar a través da audición obras da época do Renacemento e os inicios do Barroco para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da época do

Renacemento e os inicios do Barroco con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue da época do Renacemento e os inicios do Barroco, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento da época do Renacemento e os inicios do Barroco. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Dentro dos procedementos de avaliación haberá dous tipos igualmente importantes: a avaliación do alumnado e a avaliación do funcionamento da programación.

### 6. 1. Avaliación do alumnado

#### 6. 1. 1 Avaliación inicial

A avaliación inicial realizáremola ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grado de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos. No inicio de cada unidade didáctica procuraremos facer unha enquisa oral para observar o grado de coñecemento do tema por parte de cada alumno.

### 6.1.2. Avaliación formativa

- Avaliaremos oralmente o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada en casos concretos.
- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar los contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

### 6.1.3. Avaliación final

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, o que implica que a nota final do alumno ou alumna vai a depender de diversos parámetros:

- Probas escritas ou orais trimestrales, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación.
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria .
- Exercizos escritos e orais realizados na clase de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc.
- Asistencia activa e productiva ás clases, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o criterio estricto do docente.
- Proporáanse igualmente unha serie de traballos optativos que nunca restarán nota ao alumno, senón que sempre contarán de forma positiva e serán determinantes en caso de que a nota estea como moito a tres décimas da seguinte cualificación.

Todo alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua, terá a obriga de realizar unha proba final, na que entrará o total da materia anual. Esta proba final será igualmente obrigatoria para aqueles alumnos e alumnas que suspenderan algunha das tres avaliacións do curso académico.

O traballo anual entregaráse impreso, mentres que os exercizos de análise e comentarios solicitados na clase, serán escritos á man por parte de cada alumno ou alumna. Cada traballo ou exercizo será corrixido, puntuado e devolto ao seu autor ou autora previamente á realización da correspondiente proba trimestral.

## 6. 2. Avaliación do funcionamento da programación

Durante o desenvolvemento das actividades da programación teremos en conta:

- O grado de conexión das actividades propostas coos intereses do alumnado.
- As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- A adecuación dos recursos empregados, temporalización e metodoloxía.
- Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.

Esto permitirá realizar as modificacións convenientes durante o proceso de ensinanza, mellorando a calidade das actividades propostas en relación á resposta de apareidizaxe obtida.

## 7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende alguna das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a asignatura por medio dunha proba final que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Se o alumno non supera os criterios de avaliación asociados aos traballos de entrega obligatoria, o docente poderá dispor de mecanismos auxiliares de recuperación por medio da realización de novos traballos tutorizados, que incidan nos contidos e obxectivos que o alumno ou alumna non acadase.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a tres décimas da cualificación seguinte, terá a posibilidade de mellorar a nota presentando algún traballo optativo tutorizado polo docente da materia, que cubra as carencias de cada un. O docente reservarase en cada caso a potestade de anular esta disposición dependendo das actitudes do alumno ou alumna fronte á aprendizaxe da materia.

## 8. MATRÍCULA DE HONRA

Tal e como dispone a orde do 10 de marzo de 2009, as matrículas de honra concederáse ao alumno que acade a calificación de 9 e que sexa proposto polo departamento didáctico por instancia do profesor da materia ante la Comisión de Coordinación Pedagógica, órgano competente para la concesión de dicha calificación.

## 9. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

No mes de setembro porase á disposición do alumnado a posibilidade de superala

materia realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos.

A estrutura da proba incluírá preguntas tipo tema (con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

Recórdase que o alumno ou alumna debe realizar o traballo práctico anual de entrega obrigatoria. Optativamente poderá presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da asignatura, co fin de subir a súa nota final sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

## 10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro. Para que o alumno ou alumna poida ampliar a matrícula nesta materia debe de ter acadados na primeira semana de Decembro a totalidade dos contidos da materia dos tres trimestres. Para iso deberá superar unha proba de similares características á da convocatoria de setembro.

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnada diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe

2. Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe
5. Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
6. A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

## 12. A CLASE COLECTIVA

No caso da materia de “historia da música” tódalas clases son colectivas, polo que todo o exposto ata o momento se adscribe a esta modalidade de ensinanza.

## 13. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

O feito de que o centro estea ubicado nunha cidade con interesante movemento cultural facilita que o alumnado poida asistir con frecuencia a concertos e outras actividades nas diferentes salas da nosa cidade.

A falta de tempo para materializar o programa e o presuposto do centro dificultáanos o feito de trasladar ao alumnado dende o centro para facer este tipo de actividades. Non obstante, o docente incitará constantemente ao alumnado a que tome parte na vida cultural da cidade.

No posible, interesaríanos organizar algún curso extraescolar onde se poida desenvolver a intelixencia corporal e espacial á vez que a sensibilidade e creatividade do alumnado.

## 14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos para detectar os seus progresos e dificultades.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos

esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

#### 15.PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

Nas reunións departamentais, así como nas reunións extraordinarias de persoal, teranse en conta:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas

Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos dos resultados obtidos, somentendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado.

Ao termo das tres avaliacións realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: además de material audiovisual e impreso (partituras, libros de consulta, revistas especializadas), novas tecnoloxías ,orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe,

flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.



**PROGRAMACIÓN**  
**DE**  
**HISTORIA DA MÚSICA II (5º G.P)**

**CURSO 2014-15**

## **HISTORIA DA MÚSICA I I (5º G.P.)**

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEÑANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

2.1. Contidos xerais

2.2. Contidos específicos distribuídos por temas

4. RECURSOS DIDÁCTICOS Y METODOLOXÍA

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

8. MATRÍCULA DE HONRA

9. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12. A CLASE COLECTIVA

13. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN

15. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

16. PROBAS DE ACCESO A TODOS OS CURSOS AGÁS 1º G. ELEMENTAL

## 1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

### Grao Elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

### Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2-OBXECTIVOS

De acordo co disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a asignatura de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.

d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.

e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

f) Respeitar e valorar o noso patrimonio musical.

g) Participar na actualidade musical.

### 3. CONTIDOS

#### CONTIDOS XERÁIS

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).

- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.

- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.

- A evolución da notación.

- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionantes das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.

- Aproximación crítica á periodización da Historia da Música.

- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

- Comentario de texto literario-musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

- Análise iconográfica.

- Interés por ampliar e diversificar os gustos musicais.

- Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos outros.

- Emprego dunha terminoloxía técnica e dun vocabulario xeral apropiados.

#### CONTIDOS ESPECÍFICOS

##### **1. Música do Barroco temprano:**

Características xerais. A ópera temprana. Música de cámara vocal. Música relixiosa. A música instrumental.

##### **2. Ópera e música vocal a finais do século XVII:**

Ópera. Música relixiosa e oratorio.

##### **3. Música instrumental do Barroco tardío:**

Música para teclado. Música para conxunto.

**4. O temprano século XVIII:**

Vivaldi. Rameau. J. S. Bach. G. F. Händel.

**5. Fontes do estilo clásico: a sonata, a sinfonía e a ópera no século XVIII:**

A ilustración. A música instrumental: a sonata, a sinfonía e o concerto. Ópera, canción e música relixiosa.

**6. As postrimerías do século XVIII:**

Haydn e Mozart.

**7. Beethoven.**

**8. O século XIX: Romanticismo. Música vocal:**

Clasicismo e Romanticismo. Características da música romántica. O lied. Música coral.

**9. O século XIX: Romanticismo. Música instrumental:**

Música para piano. Música de cámara. Música para orquesta.

**10. O século XIX: ópera e drama musical:**

Francia. Italia. Verdi. A ópera romántica alemana. Wagner.

**11. O fin dunha era:**

Post-romanticismo. O nacionalismo. Novas correntes en Francia. A ópera italiana.

**12. O século XX ata a I Guerra Mundial:**

Introducción. A revolución atonal: Schönberg, Webern, Berg. Novas tonalidades: Bartok, Stravinsky. Outras correntes en Europa e EE.UU.

**13. O século XX dende a I Guerra Mundial ata 1950:**

Neoclasicismo e novo espírito en Francia. Satie e “Les six”; Bartok, Stravinsky. O sistema dodecafónico: Schönberg, Webern, Berg. A influencia da política: Alemania, Rusia. Outros compositores en Europa, EE.UU. e América Latina.

**14. O século XX dende a II Guerra Mundial ata o presente:**

Serialismo integral: Messiaen, Boulez, Stockhausen. Indeterminación: Cage. Innovacións en forma e textura: música textural, música estocástica. O novo pluralismo: citas e collages. Jazz, rock e influencias populares. Fontes étnicas. Minimalismo e nova tonalidade. Microtonalidad. Música e mundo externo:

extensións na música do teatro; multimedia. Desenvolvementos da tecnoloxía musical: música concreta e electroacústica.

#### 4. RECURSOS DIDÁCTICOS y METODOLOXÍA

Esta asignatura terá un enfoque práctico e utilitario ao tempo que teórico, buscando sempre a participación activa do alumno tanto na aula como no centro e fóra do mesmo. Tratándose de clases colectivas, recurrirase a diversas técnicas de dinámica de grupos, de xeito que nunha mesma clase se alterne ou se encadee o traballo individual, en grupo pequeno e grande. Non esquezamos que o alumno é o protagonista da aprendizaxe, e que evoluciona como persoa na colectividade.

A metodoloxía procurará ser, por ende, dinámica e integradora, cunha responsabilidade compartida na que se estimule o diálogo e a participación do alumnado, facilitando a aprendizaxe por descubrimento ao integrar as suxerencias dos alumnos e alumnas, poidéndose así adaptar mellor ás súas necesidades.

As actividades na aula combinaranse con algunhas outras fóra da mesma, como a asistencia a concertos, conferencias ou exposicións. Cada alumno e alumna seleccionará unha obra interpretada en vivo, sobre a que elaborará unhas notas ó programa e unha crítica musical. Ademáis, como complemento ás clases, resulta moi positivo que o alumnado realice un traballo sobre algún tema escollido por el, e conectado coa materia.

Os contidos da programación didáctica traballaránse a partir dunha bibliografía de consulta variada, polo cal non se recomenda un manual de traballo básico.

No apartado dos recursos audiovisuais, dispoñemos na aula dun equipo de son, un proxector de diapositivas, un proxector de opacos, un reprodutor de DVD's, un reprodutor de cintas de vídeo, un televisor e un ordenador, un canón de proxección e unha pizarra dixital. O centro conta ademais con fotocopiadora, gravadora de CD's, cámara de vídeo e varios ordenadores.

#### 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua; non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase ao menos unha proba – oral ou escrita – na que se poida avaliar obxectivamente o resultado final do proceso.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:

### Primeiro trimestre

1) Identificar a través da audición de obras barrocas súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata a Idade Media con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

### Segundo trimestre

1) Identificar a través da audición obras do Clasicismo e o Romanticismo para

identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos desta época. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

### Terceiro trimestre

1) Identificar a través da audición obras da época do século XX para identificar as seus rasgos máis salientabéis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do século con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer

conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue desta época, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento deste século. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Dentro dos procedementos de avaliación haberá dous tipos igualmente importantes: a avaliación do alumnado e a avaliación do funcionamento da programación.

### 5. 1. Avaliación do alumnado

#### 5. 1. 1. Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarémola ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grado de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos. No inicio de cada unidade didáctica procuraremos facer unha enquisa oral para observar o grado de coñecemento do tema por parte de cada alumno.

#### 5. 1. 2. Avaliación formativa

- Avaliaremos oralmente o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada en casos

concretos.

- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar los contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

### 5. 1. 3. Avaliación final

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, o que implica que a nota final do alumno ou alumna vai a depender de diversos parámetros:

- Probas escritas ou orais trimestrales, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación.
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria escrita e impreso.
- Exercizos escritos e orais realizados na clase de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc.
- Asistencia activa e productiva ás clases, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o criterio estricto do docente.
- Proporáanse igualmente unha serie de traballos optativos que nunca restarán nota ao alumno, senón que sempre contarán de forma positiva e serán determinantes en caso de que a nota estea como moito a tres décimas da seguinte cualificación.

Todo alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua, terá a obriga de realizar unha proba final, na que entrará o total da materia anual. Esta proba final será igualmente obrigatoria para aqueles alumnos e alumnas que suspenderan dúas das tres avaliacións do curso académico.

O traballo anual entregarase impreso, mentres que os exercizos de análise e comentarios solicitados na clase, serán escritos á man por parte de cada alumno ou alumna.. Cada traballo ou exercizo será corrixido, puntuado e devolto ao seu autor ou autora previamente á realización da correspondiente proba trimestral.

### 5. 2. Avaliación do funcionamento da programación

Durante o desenvolvemento das actividades da programación teremos en conta:

- O grado de conexión das actividades propostas coos intereses do alumnado.

- As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- A adecuación dos recursos empregados, temporalización e metodoloxía.
- Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.

Esto permitirá realizar as modificacións convenientes durante o proceso de ensinanza, mellorando a calidade das actividades propostas en relación á resposta de aparedizaxe obtida.

## 7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre. Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a asignatura por medio dunha proba final que se fará a finais de maio ou principios de xuño.

Se o alumno non supera os criterios de avaliación asociados aos traballos de entrega obligatoria, o docente poderá dispor de mecanismos auxiliares de recuperación por medio da realización de novos traballos tutorizados, que incidan nos contidos e obxectivos que o alumno ou alumna non acadase.

Se o alumno ou alumna queda na súa nota final a tres décimas da cualificación seguinte, terá a posibilidade de mellorar a nota presentando algún traballo optativo tutorizado polo docente da materia, que cubra as carencias de cada un. O docente reservarase en cada caso a potestade de anular esta disposición dependendo das actitudes do alumno ou alumna fronte á aprendizaxe da materia.

## 8.MATRÍCULA DE HONRA

Tal e como dispón a orde do 10 de marzo de 2009, as matrículas de honra concederáse ao alumno que acade a calificación de 9 e que sexa proposto polo departamento didáctico por instancia do profesor da materia ante a Comisión de Coordinación Pedagóxica, órgano competente para a concesión de dicha calificación.

## 9-PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

No mes de setembro porase á disposición do alumnado a posibilidade de superala materia realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos.

A estrutura da proba incluírá preguntas tipo tema (con texto de base ou non), varias preguntas curtas, varias preguntas tipo test e comentarios de audición.

Recórdase que o alumno ou alumna debe realizar o traballo práctico anual de entrega obrigatoria. Optativamente o alumno ou alumna poderá presentar un traballo escrito e impreso sobre algún dos aspectos contidos no programa da asignatura, co fin de subir a súa nota final sempre e cando se atope como mínimo a tres décimas da seguinte cualificación.

## 10-CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro. Para que o alumno ou alumna poida ampliar a matrícula nesta materia debe de ter acadados na primeira semana de Decembro a totalidade dos contidos da materia dos tres trimestres.

## 11- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe
- Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar

estes mesmos contados con existencias distintas

- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe
- Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
- A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

## 12- A CLASE COLECTIVA

No caso da materia de “historia da música” tódalas clases son colectivas, polo que todo o exposto ata o momento se adscribe a esta modalidade de ensinanza.

## 14. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

O feito de que o centro estea ubicado nunha cidade con interesante movemento cultural facilita que o alumnado poida asistir con frecuencia a concertos e outras actividades nas diferentes salas da nosa cidade.

A falta de tempo para materializar o programa e o presuposto do centro dificultáanos o feito de trasladar ao alumnado dende o centro para facer este tipo de actividades. Non obstante, o docente incitará constantemente ao alumnado a que tome parte na vida cultural da cidade.

No posible, interesaríanos organizar algún curso extraescolar onde se poida desenvolver a intelixencia corporal e espacial á vez que a sensibilidade e creatividade do alumnado.

### 14.DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos para detectar os seus progresos e dificultades.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

#### 15.PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

Nas reunións departamentais, así como nas reunións extraordinarias de persoal, teranse en conta:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas

Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos dos resultados obtidos, somentendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado.

Ao termo das tres avaliacións realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: además de material audiovisual e impreso (partituras, libros de consulta, revistas especializadas), novas tecnoloxías ,orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino

profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

## 16-PROBAS DE ACCESO

### PROBA DE ACCESO A 5º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)

#### MODELO DE PROBA

A proba escrita – para ser efectuada nunha sesión de 90 minutos- constará de catro partes relacionadas directamente ca materia impartida nas clases:

- a) Dos temas redactados relacionados co temario, para o que se facilitará como referencia un texto, unha partitura ou unha imaxe –no caso de temas de organoloxía-, esixindo unha conexión entre a teoría e o material facilitado. Máximo espazo: 2-3 folios. Puntuación: 3 puntos.
- b) Preguntas curtas, para ser contestadas en 5 ou 10 liñas. Puntuación: 3 puntos.
- c) Comentario de audicións. Extensión máxima por audición 15 liñas. Puntuación: 3 puntos.
- d) Cuestións tipo test. Puntuación: 1 punto.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Identificar a través da audición de obras as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata o Renacemento con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade ó Renacemento, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época

concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade ó Renacemento . Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

#### PROBA DE ACCESO A 6º CURSO DE GRADO PROFESIONAL (L.O.E.)

Aqueles alumnos e alumnas que desexen presentarse á Proba de Acceso directo a 6º Curso de Grao Profesional deberán realizar unha proba na que poidan demostrar os seus coñecementos dos contidos, non só de 4º senón tamén de 5º curso. Os contidos dos Cursos 4º e 5º xa están especificados nesta programación no lugar correspondente.

#### MODELO DE PROBA

A proba escrita – para ser efectuada nunha sesión de 90 minutos- constará de catro partes relacionadas directamente ca materia impartida nas clases:

- e) Dos temas redactados relacionados co temario, para o que se facilitará como referencia un texto, unha partitura ou unha imaxe –no caso de temas de organoloxía-, esixindo unha conexión entre a teoría e o material facilitado. Máximo espacio: 2-3 folios. Puntuación: 3 puntos.
- f) Preguntas cortas, para ser contestadas en 5 ou 10 liñas. Puntuación: 3 puntos.
- g) Comentario de audicións. Extensión máxima por audición 15 liñas. Puntuación: 3 puntos.
- h) Cuestións tipo test. Puntuación: 1 punto.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Identificar a través da audición de obras as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata hoxe con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade ata noxe, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade ata hoxe. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

